


BASES REGULADORAS DAS LISTAXES PROFESIONAIS

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
(COTSG)



OUTUBRO 2023

INDICE

	Páx.
1. XUSTIFICACIÓN	3
2. OBXECTIVOS	5
2.1. XERAL	
2.2. ESPECÍFICOS	
3. REQUISITOS	8
4. DEREITOS E OBRIGAS	9
5. ÁREAS	10
6. PROCEDEMENTO PARA A INCLUSION NAS LISTAXES	11
6.1. ALTA	11
6.2. PRAZOS	11
6.3. DOCUMENTACIÓN	12
6.4. FUNCIONAMENTO DAS LISTAXES	12
6.4.1. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN	12
6.4.2. ORGANIZACIÓN, PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN	13
6.5. BAIXA	14
6.6. VIXENCIA	14
 ANEXOS	 15

1. XUSTIFICACIÓN

O papel das persoas expertas nas diferentes especializacións dos Servizos Sociais é fundamental para favorecer o progreso axeitado no deseño, implementación e avaliación das medidas a tomar no desenvolvemento das diferentes políticas elaboradas por entidades tanto públicas como privadas. Por este motivo, a elaboración de listaxes de profesionais nos diferentes eidos é unha necesidade e polo tanto un obxectivo básico a cumprir para garantir a calidade, a distinción e a profesionalización que a profesión do Traballo Social se merece.

En base ao anterior, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, como entidade que representa ao colectivo de traballadores e traballadoras sociais desta Comunidade Autónoma, entende necesario regular, elaborar, promover e difundir diferentes listaxes formadas por persoal especializado e experto.

Existen numerosos ámbitos nos que se valora necesaria a colaboración e a prestación de servizos das persoas profesionais do Traballo Social polo que as listaxes que se ofertan actualmente son as seguintes:

LISTAXES

DOCENCIA

A realidade de hoxe en día sitúanos nun momento da historia no que os cambios sociais, tecnolóxicos e económicos adoptan unha forma exponencial, cun ritmo de variación elevadísimo, polo que a adaptación a estes novos escenarios cambiantes obsérvase como fundamental como principio de supervivencia.

Así mesmo, a chegada das novas tecnoloxías, os cambios nos métodos de traballo, nos postos e nas organizacións fai que só teñamos un camiño para a adaptación, a formación continuada.

Esta formación, enriquece as capacidades e aptitudes das persoas profesionais, xerando un maior desenvolvemento persoal e profesional, produtividade, mellor xestión de tarefas, etc.

Dende o COTSG, a formación continuada atópase integrada dentro da propia estratexia da entidade polo que é preciso contar con persoal docente experto, cualificado e especializado nas diferentes áreas dos Servizos Sociais para poder ofrecer este servizo de calidade ás persoas colexiadas.

EXPERTOS/AS

O papel do asesoramento de persoas expertas en Servizos Sociais é fundamental. Para garantir un alto nivel de calidade no aspecto asesor é preciso contar con traballadores/as sociais que teñan coñecementos amplos e específicos en calquera das especialidades do eido dos Servizos Sociais. Por iso, dende o COTSG preténdese elaborar unha listaxe que permita cubrir a necesidade de asesoramento experto que poda xurdir tanto para outros/as profesionais como para grupos de traballo, comisións, etc.

PROFESIONAIS INDEPENDENTES

Ser profesional independente e traballar por conta propia é cada vez unha decisión máis común entre as persoas colexiadas debido ás novas necesidades e novos nichos de emprego que van xurdindo en materia social.

O COTSG ten como obxectivo, en relación con este ámbito de actuación, promover o servizo profesional independente como alternativa laboral e elaborar unha listaxe específica como un instrumento de ordenación, organización e publicidade para aquelas persoas colexiadas inscritas que estivesen interesadas en prestar servizos profesionais a entidades xestoras de servizos sociais, particulares ou empresas.

TRIBUNAIS

Os procesos selectivos para a contratación de traballadores/as sociais son unha práctica frecuente na Administración Local. A calidade e a transparencia na composición dos tribunais de selección enténdese como principios básicos para o procedemento.

O COTSG pretende neste senso servir como canle para poñer a disposición de todos os Concellos que o precisen unha listaxe de persoas expertas na materia, facilitando a busca por proximidade e especialización.

MEDIACIÓN

A aprobación da Lei 5/2012, de Mediación Civil e Mercantil e a Lei 4/2001, de 31 de maio, reguladora de la Mediación Familiar en Galicia, xunto co Anteproxecto de Lei de Impulso da Mediación (aprobado en xaneiro de 2019) que fai obrigatorio o uso da Mediación antes da intervención xudicial, supoñen unha oportunidade no eido da mediación e un pulo para incrementar a empregabilidade dos e das traballadores/as sociais desde a especialización. O

recoñecemento específico do/a traballador/a social como mediador/a sitúan a estes/as profesionais como un perfil idóneo para exercer a mediación, achegando un valor engadido único, apoiado na forte base psicosocial deste colectivo, imprescindible para o exercicio da mediación.

Por este motivo, O COTSG considera necesaria a creación dunha listaxe de expertas/os en Mediación na que recompilar aos traballadores e ás traballadoras sociais habilitados/as para traballar neste eido, velando pola actuación profesional das persoas colexiadas que utilicen a Mediación como método de xestión e resolución de conflitos.

PERITAXE

O Traballo Social Forense é o que se leva a cabo dende a Administración de Xustiza, por parte de profesionais cuxa función é a de realizar un estudo/investigación cunha finalidade xurídica. Cando actuamos nese ámbito facémolo en calidade de peritos/as.

Unha ou un perito é unha persoa experta, allea ao proceso xudicial, que en base aos coñecementos científicos que lle aporta a súa disciplina, informa ao xuíz/xuíza mediante o ditame pericial (resultado do estudo, investigación e valoración), sobre feitos ou circunstancias de especial relevancia que están presentes nun litixio, sempre en relación a eses coñecementos que lle son propios, propiciando a valoración ou certeza daqueles.

O artigo 341.1. da Lei 1/2000 de Xuizamento Civil contempla dúas modalidades de peritaxe, xudicial e de parte. Para poder actuar como perito/a xudicial debemos inscribirmos na listaxe que anualmente elabora o Colexio e que, posteriormente, envía aos xulgados e tribunais, desde onde seremos chamadas ou chamados para actuar como tales.

Por este motivo, o COTSG elabora anualmente a dita listaxe para dar resposta ás diferentes necesidades existentes: á necesidade contemplada na Lei 1/2000, á necesidade de resaltar a figura do/a traballador/a social como perito/a e para cubrir necesidades laborais das persoas colexiadas.

2. OBXECTIVOS

A elaboración das bases reguladoras para a elaboración de listaxes de persoas traballadoras sociais expertas ten como obxectivos os seguintes:

2.1. XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Garantir a calidade e a profesionalización do persoal especializado nos diferentes eidos do Traballo Social. ✓ Servir como canle para o contacto entre as persoas colexiadas e entidades, administración, empresas... ✓ Fomentar a formación das persoas profesionais inscritas nas listaxes. ✓ Proporcionar formación actualizada ás e aos profesionais que formen parte das listaxes ✓ Publicitar e difundir a existencia das listaxes e fomentar o seu uso. ✓ Favorecer a promoción profesional e laboral das persoas colexiadas, procurando nichos de emprego, fomentando o emprendemento e procurando as canles de apoio en materia de asesoría. 	
2.2. ESPECÍFICOS	DOCENCIA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Garantir a idoneidade do persoal docente especializado nas distintas áreas dos Servizos Sociais. ✓ Facilitar a selección de persoal docente para as accións formativas, tanto internas do propio colexio, como externas de diferentes entidades, administración, etc.
	EXPERTOS/AS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Garantir a idoneidade do persoal experto nas distintas áreas dos Servizos Sociais. ✓ Proporcionar unha compilación de persoas expertas en Servizos Sociais de cara a dar resposta ás solicitudes de asesoramento profesional requiridas por grupos de traballo, comisións, entidades...etc.
	PROFESIONAIS INDEPENDENTES	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Promover e favorecer o acceso ao emprego das persoas que traballen por conta propia no eido do Traballo Social.

		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Facilitar, mediante publicidade, a selección de persoal técnico especializado que traballe como profesional independente a petición das diferentes entidades, administracións...etc ✓ Divulgar os novos nichos de mercado das profesionais independentes
	TRIBUNAIS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proporcionar persoal técnico de servizos sociais cualificado que asista aos procesos selectivos como parte do tribunal. ✓ Procurar formación axeitada e actualizada ás persoas colexiadas que formen parte desta listaxe.
	MEDIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proporcionar unha compilación de traballadores/as sociais mediadores/as colexiados/as de cara a dar resposta ás solicitudes de profesionais neste eido. ✓ Garantir a idoneidade do persoal experto en Mediación nas distintas especialidades. ✓ Visibilizar a figura do traballador/a social mediador/a. ✓ Favorecer o acceso ao emprego dos/as mediadores/as inscritos/as na listaxe. ✓ Publicitar a listaxe en Unión Profesional de Galicia
	PERITAXE	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Proporcionar unha compilación de traballadores/as sociais peritos colexiados/as de cara a dar resposta ás solicitudes de profesionais neste eido. ✓ Garantir a idoneidade do persoal experto en Peritaxe nas distintas especialidades. ✓ Visibilizar a figura do traballador/a social como perito/a. ✓ Favorecer o acceso ao emprego dos/as peritos/as inscritos/as na listaxe.

		✓ Publicitar a listaxe en Unión Profesional de Galicia
--	--	--

3. REQUISITOS

Os requisitos para formar parte das diferentes listaxes son os que se recollen no seguinte cadro:

LISTAXE	REQUISITOS
XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Estar colexiado/a no COTSG e ao corrente de pago das cotas - Non estar en incurso/a en causa de incompatibilidade legal, deontolóxica, nin ningunha outra que comporte inhabilitación para o exercicio profesional, nin en expediente sancionador colexial. - Cumprimentar a solicitude de inscrición e acompañar a información requirida nos prazos establecidos para elo segundo o recollido no apartado 6 destas bases.
ESPECÍFICOS	
Docentes*	<ul style="list-style-type: none"> - Experiencia profesional na área solicitada (mínimo 5 anos). - Experiencia docente na área solicitada (alomenos 3 cursos impartidos) - Valóranse as publicacións relacionadas coa área solicitada. - Valorarase o manexo e uso de plataformas de teleformación e para a realización de webinars e videoconferencias. - Valorarase formación en metodoloxía didáctica (CAP, Curso de Formador de formadores, docencia da FP para o emprego, etc.)
Expertos/as*	<ul style="list-style-type: none"> - Experiencia profesional na especialidade solicitada (mínimo 5 anos). - Formación complementaria na área solicitada - Valorarase publicacións relacionadas coa área solicitada.
Profesionais independentes	<ul style="list-style-type: none"> - Experiencia profesional acreditada como traballador/a social de polo menos 1 ano. - Formación complementaria en traballo social de polo menos 100 horas. - Valorarase formación específica en autoemprego (fiscalidade, facturación, etc.).
Tribunais	<ul style="list-style-type: none"> - Ter praza fixa nas diferentes AA.PP. (Estatal, Autonómica, Provincial e Local) como persoal funcionario ou persoal laboral fixo. - 5 anos de experiencia como Traballador/a social (Valorarase coñecementos en Formación de Tribunais)

<p>Mediadores/as*</p>	<p>- Estar inscrito/a no Rexistro de persoas mediadoras de Galicia*</p> <p>(*)NOTA: Segundo o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, modificado pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 26), poderanse inscribir as persoas que reúnan os requisitos seguintes:</p> <p>- Estar en posesión de título oficial universitario ou de formación profesional superior e contar con formación específica para exercer a mediación, que se adquirirá mediante a realización dun ou varios cursos específicos impartidos por institucións debidamente acreditadas, que terán validez para o exercicio da actividade mediada en calquera parte do territorio nacional – mínimo esixido 100 horas de formación.</p> <p>- Ter subscrito un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña.</p> <p>- Ter desenvolvido, polo menos durante dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de habilitación para a inscrición, actividades profesionais no campo psicosociofamiliar (certificado vida laboral – certificado empresa ou entidade contratante – contrato - posibilidade de admitir declaración responsable en algúns casos).</p> <p>- Estar en posesión das licenzas ou autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, se é o caso, inscrito no colexio profesional.</p>
<p>Peritos/as</p>	<p>- Formación mínima de 50 horas en peritaxe. O programa do curso deberá conter referencias aos seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Achegamento ao T.S. Forense: marco legislativo, ámbitos de actuación dos/as peritos/as sociais nos procedementos xudiciais, entre outros. • O traballador/a social na súa función como perito/a social. • Informe pericial social: metodoloxía, estrutura, técnicas e instrumentos. <p>- Experiencia profesional como Traballador/a social mínimo 2 anos.</p> <p>- Actualizar a formación en peritaxe cada 3 anos cun mínimo de 20 horas.</p> <p>- Deberase indicar as Áreas de especialización (familia, menores, violencia de xénero...)</p>

* Ver áreas no apartado 5 das bases.

4. DEREITOS E OBRIGAS

Os dereitos e obrigas contémpanse para as seguintes listaxes:

LISTAXE	DEREITOS	OBRIGAS
<p>Profesionais independentes</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Dereito a obter da entidade solicitante o asesoramento que precise para o mellor desenvolvemento da actividade. - Dereito a cobrar os seus honorarios, unha vez finalizado 	<ul style="list-style-type: none"> - Obriga a absterse de actuar cando se teña vínculo de parentesco, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao, ou amizade íntima ou enemidade manifesta coa persoa usuaria. - Obriga de exercer con dilixencia, unha vez acordado o servizo, sen poder abandonar ou

	<p>o traballo, nun prazo máximo dun mes.</p>	<p>renunciar á actividades en causa xustificada (por exemplo: citación para asistir como testemuña ou xurado nun procedemento xudicial, convocatoria como persoa membro dunha mesa electoral, hospitalización, enfermidade grave, accidente grave, hospitalización dun familiar de ate o 2º grao, falecemento dun familiar de ate o 2º grao,...).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obriga a tratar con respecto e dignidade á persoa usuaria. - Obriga a remitirle á entidade solicitante a documentación requirida, que poña fin á actuación.
<p>Tribunais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Dereito a obter da entidade solicitante o asesoramento que precise para o mellor desenvolvemento da actividade. - Dereito a cobrar do concello solicitante os gastos de dietas e desprazamento, unha vez finalizado o traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Obriga a absterse de actuar cando se teña vinculo de parentesco, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao, ou amizade íntima ou enemistade manifesta coas persoas presentadas ao proceso selectivo - Obriga de absterse de actuar cando se estea a colaborar como docente na preaparación de oposición nos últimos 5 anos. - Obriga a exercer con dilixencia, unha vez acordado o servizo, sen poder abandonar ou renunciar á actividades en causa xustificada (por exemplo: citación para asistir como testemuña ou xurado nun procedemento xudicial, convocatoria como persoa membro dunha mesa electoral, hospitalización, enfermidade grave, accidente grave, hospitalización dun familiar de ate o 2º grao, falecemento dun familiar de ate o 2º grao,...). - Obriga a remitirle ao Concello solicitante a documentación requirida, que poña fin á actuación.

5. ÁREAS

Contémpanse áreas de actuación nas seguintes listaxes:

LISTAXE	ÁREAS*
Docentes	Muller Servizos Sociais Familia e Infancia Adicións Maiores Dependencia e discapacidade Saúde Migracións Minorías étnicas Educación Exercicio libre Supervisión
Expertos/as	
Mediadores/as	Mediación Familiar

*Cada persoa poderá inscribirse nun máximo de dúas áreas

6. PROCEDEMENTO PARA A INCLUSIÓN NAS LISTAXES

6.1. ALTA

As solicitudes de inclusión en cada listaxe (Anexo I) presentaranse no COTSG xunto coa documentación pertinente do seguinte xeito:

- ✓ Por correo electrónico a grupodetraballo@traballosocial.gal (indicando no asunto o nome da listaxe, por exemplo “Listaxe Docentes” e o feito “alta”)
- ✓ Na sede do COTSG (Rúa Dublín 6 baixo, 15.707, Santiago de Compostela)
- ✓ No caso de dispoñer deste apartado na web, tamén a través deste medio.

6.2. PRAZOS

O prazo de presentación de solicitudes para altas e baixas nas listaxes comprenderá **dende o 18 de outubro ao 2 de novembro de 2023**. As listas serán permanentes e **actualizaranse anualmente, de ser necesario, no mes de decembro de cada ano** (ver punto 6.4.1.), sempre e cando existise

algunha solicitude de alta ou baixa no prazo estipulado. De non ser o caso, permanecerán inalteradas.

6.3. DOCUMENTACIÓN

- ✓ Solicitude debidamente cumprimentada e asinada (ver anexo I).
- ✓ Declaración xurada da veracidade dos méritos presentados (marcar na solicitude).
- ✓ Cláusula de protección de datos asinada (marcar na solicitude).
- ✓ CV actualizado onde consten claramente os méritos alegados para o cumprimento de requisitos.
- ✓ Copia da documentación acreditativa pertinente (vida laboral, contratos, certificados de funcións, diplomas/certificados...).

6.4. FUNCIONAMENTO DAS LISTAXES

6.4.1. Procedemento de inscrición

As listaxes serán permanentes e efectuaranse altas e baixas a solicitude das persoas profesionais no prazo indicado no apartado 6.2. De non producirse ningunha solicitude de alta ou baixa nalgunha das listaxes, manterase a listaxe anterior.

Naquelas listaxes onde sí consten novas solicitudes de alta ou de baixa, serán valoradas polo COTSG segundo o recollido no apartado 3 das bases, publicando a **listaxe provisional** de persoas admitidas e excluídas a **segunda semana de novembro de 2023**. Fronte a esta resolución as persoas solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 5 días hábiles dende a súa publicación.

A Listaxe definitiva publicarase na páxina web do COTSG tras ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno. Contra as resolucións e acordos definitivos adoptados pola Xunta de Goberno do Colexio suxeitos ao dereito administrativo, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Consello Xeral de Traballo Social nos termos e prazos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.4.2. Organización, publicidade e comunicación

LISTAXE	PROCEDEMENTO
<p>DOCENTES</p>	<p>Para facilitar o manexo das Listaxes, a documentación organizarase da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Por área, de ser o caso ✓ Por provincia ✓ Por orde de solicitude <p>As listaxes estarán a disposición das entidades que o requiran por escrito, coa intermediación do COTSG. Na solicitude deberán especificar con detalle os requisitos e as características da acción a desenvolver, enviando un correo electrónico grupodetraballo@traballosocial.gal indicando no asunto “Solicitude Persoal Listaxe” e o nome da Listaxe correspondente (por exemplo: “Solicitude Persoal Listaxe Docentes”).</p>
<p>EXPERTOS/AS</p>	<p>Cando unha entidade solicite persoal dunha Listaxe, dende o COTSG seguiranse os seguintes criterios para que a selección resultante sexa o máis transparente e xusta posible:</p> <ul style="list-style-type: none"> A) Por área, a poder ser, e sempre que haxa persoal suficiente, segundo os requisitos da entidade solicitante.
<p>TRIBUNAIS</p>	<ul style="list-style-type: none"> B) Por proximidade, para non encarecer o traslado das persoas seleccionadas. C) Procurando a rotación entre as persoas que formen parte da Listaxe. D) Nos casos de difícil cobertura, a selección farase a criterio do persoal técnico do COTSG, procurando o perfil máis axeitado para a praza a cubrir. <p>O resultado da selección será enviado por escrito á entidade solicitante nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da solicitude segundo o Anexo IV: Modelo de nomeamento de profesionais.</p>
<p>PROFESIONAIS INDEPENDENTES</p>	<p>Esta listaxe actualizarase de maneira anual e publicase na páxina web do Colexio para que calquera persoa, empresa, asociación ou entidade poda contratar os seus servizos, sendo o cliente quen decide a que profesional desexa contratar. O Colexio non intervéen en ningún proceso de selección do/a profesional que se requira, sendo a súa función informar e poñer a disposición de calquera entidade e/ou persoa o presente rexistro, así como velar por unha correcta praxe e ética profesional.</p> <p>Calquer cidadán/á, empresa ou asociación pode contratar os servizos dun/a Traballador/a Social consultando a <u>listaxe de</u></p>

	profesionais con habilitación. Máis información a través do correo grupodetraballo@traballosocial.gal
PERITAXE	Para as listaxes de peritaxe e mediación, é obrigatoria a remisión do listado definitivo <u>a todos os partidos xudiciais de Galicia</u> antes do 31 de xaneiro de cada ano .
MEDIACIÓN	Os datos da listaxe de peritos/as e de mediadores/as, previa autorización das persoas colexiadas mediante Anexo II, serán cedidos á Unión Profesional de Galicia para publicitalos na Guía de Peritos Xudiciais e Mediadores/as no mes de novembro de cada ano .

6.5. BAIXA

A baixa das Listaxes poderá efectuarse polas seguintes vías no prazo establecido no apartado 6.2:

1. **A petición da persoa colexiada**, enviando o anexo I de baixa debidamente cuberto ao correo grupodetraballo@traballosocial.gal, indicando no asunto “Baixa” seguido do nome da Listaxe pertinente (exemplo “Baixa Listaxe Docentes”). De existir esta opción na páxina web, tamén se poderá facer a través deste medio.
2. **Por parte do COTSG**, tras recibir tres rexeitamentos de participación durante a vixencia da Listaxe.

As persoas que causen baixa por calquera dos motivos anteriores deberán enviar unha nova solicitude de alta no momento en que desexen volver a formar parte dalgunha das listaxes dentro do prazo previsto no apartado 6.2.

6.6. VIXENCIA

As listaxes estarán vixentes coa periodicidade prevista no apartado 6.2, sendo actualizadas tal e como se contempla no apartado 6.4.1. De non precisar actualización, por ausencia de altas e/ou baixas, manteranse as do período anterior.

ANEXOS

ANEXO I: Solicitude de alta/baixa Listaxes do COTSG

ANEXO II: Cláusula de Protección de datos Mediación e Peritaxe

Anexo III: Tratamento de datos. Listaxe de profesionais independentes

Anexo IV: Modelo de nomeamento profesionais

Anexo I: Solicitud de Alta/baixa Listaxes do COTSG

1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME			
Nº DE COLEXIACIÓN		TELÉFONO	
C.P. E POBOACIÓN		PROVINCIA	
CORREO ELECTRÓN.			

2. LISTAXE DA QUE DESEXA FORMAR PARTE OU DA QUE QUERE CAUSAR BAIXA:

*Marque cun "X" se quere causar alta ou baixa en cada listaxe e cun maque cun "X" para alta ou baixa nas áreas. No caso de solicitar baixa non terá que cumprimentar ningún outro apartado, só asinar a solicitude.

LISTAXE	ALTA	BAIXA
DOCENCIA		
Áreas		
1.Muller		
2.Servizos sociais		
3.Familia e infancia		
4.Adiccións		
5.Maiores		
6.Dependencia e discapacidade		
7.Saúde		
8.Migracións		
9.Minorías étnicas		
10.Educación		
11.Exercicio libre		
12.Supervisión		
TRIBUNAIS		

PROFESIONAIS INDEPENDENTES		
EXPERTOS/AS		
Áreas		
1.Muller		
2.Servizos sociais		
3.Familia e infancia		
4.Adiccións		
5.Maiores		
6.Dependencia e discapacidade		
7.Saúde		
8.Migracións		
9.Minorías étnicas		
10.Educación		
11.Exercicio libre		
12.Supervisión		
MEDIACIÓN		
Área		
Mediación Familiar		
PERITAXE		

*Áreas. Nas listaxes con áreas só poderá indicar dúas como máximo por cada unha.

3. DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E VERACIDADE DOS MÉRITOS PRESENTADOS:

Segundo o recollido no apartado 3 das bases reguladoras das listaxes de profesionais do COTSG,

DECLARO:

- Que cumpro os requisitos para formar parte das listaxes arriba solicitadas.
- Que achego a documentación xustificativa
- Que os datos que se achegan como méritos xustificativos son certos

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- ✓ Solicitud debidamente cumprimentada (este anexo)
- ✓ Declaración xurada da veracidade dos méritos presentados (marcar na solicitude).
- ✓ Cláusula de protección de datos asinada (marcar na solicitude).
- ✓ CV (actualizado).
- ✓ Copia da documentación acreditativa pertinente (vida laboral, contratos, certificados de funcións, diplomas,...).
- ✓ Anexo II de tratamento de datos para as listaxes de mediación e peritaxe
- ✓ Anexo III de tratamento de datos para a listaxe de profesionais independentes

5. DATOS PARA PUBLICAR NA GUÍA DE PERITAXE E MEDIACIÓN:

*Só para aquelas persoas que marcaron cun "X" as listaxes de mediación e/ou peritaxe

APELIDOS E NOME					
Nº DE COLEXIACIÓN		TLFNO FIXO		TLFNO MÓBIL	
DIRECCIÓN			CP		CONCELLO
CORREO ELECTRÓN.			PROVINCIA		

6. DATOS PARA PUBLICAR NA PÁXINA WEB, PROFESIONAIS INDEPENDENTES

*Só para aquelas persoas que marcaron cun "X" a listaxe de profesionais independentes

APELIDOS E NOME					
Nº DE COLEXIACIÓN		TLFNO FIXO		TLFNO MÓBIL	
DIRECCIÓN			CP		CONCELLO
CORREO ELECTRÓN.			PROVINCIA		
SECTOR/ES:					

Asdo:

En _____ a _____ de _____ de 20_____

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA solicita o seu consentimento para o tratamento de seus datos persoais segundo o disposto no artigo 6 do RXPDI informándolle que o tratamento de seus datos ten a súa base na súa vontade de formar parte das listaxes. En cumprimento do artigo 13 do RXPDI, fun informado/a de que a finalidade desta recollida de datos de carácter persoal é "a xestión das listaxes".

Os seus datos conservaránse mentras sexa necesario para a finalidade do tratamento e non solicite a súa baixa.

Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal. O Responsable informa expresamente aos/ás interesados/as que os seus datos comunicaranse aos Xulgados e Tribunais da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do disposto no art. 341 da LAC Poderá exercitar os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACIÓN, SUPRESIÓN E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA RÚA DUBLÍN 6 BAIXO 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA acompañando fotocopia de DNI ou no seu defecto documento que acredite a súa debida identidade ou ben con carácter previo a tal actuación solicitar que lle sexan remitidos os impresos dos que o responsable do tratamento dispón. No caso de que non esté conforme co tratamento dos seus datos poderá dirixir as súas reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 – 28001 Madrid.

Nome

SI	<input type="checkbox"/>
NON	<input type="checkbox"/>

..... con NIF Sinatura:

A/A PRESIDENTA DO COTS DE GALICIA

Anexo II: Tratamento de datos. Listaxes mediación e peritaxe

En base a presente clausula COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA solicita o seu consentimento a:

NOME
COLEXIADA/O _____ Nº _____

Para o tratamento dos seus datos persoais según o disposto no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679 informándolle que o tratamento de seus datos ten a sua base na sua condición de SOLICITANTE DE INSCRICION EN LISTAXES DE PERITOS E MEDIADORES.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, fun informado/a de que a finalidade desta recollida de datos de carácter persoal e a “ELABORACION DE LISTAXES DE PERITAXE E MEDIACIÓN”.

Os seus datos PODERAN SER CEDIDOS AOS XULGADOS E A UNION PROFESIONAL DE GALICIA E PUBLICADOS NA GUIA DE MEDIADORES E PERITOS e conservarse o tempo necesario para a REDACCION E PUBLICACION DA LISTAXE.

Autorizo a cesión dos meus datos para publicación na Guía de Mediadores e Peritos

Poderá exercitar os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACION, SUPRESION E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido ao COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA RÚA DUBLÍN 6 BAIXO 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA acompañando fotocopia de DNI ou, no seu defecto, documento que acredite a súa debida identidade, ou ben solicitar coas mesmas señas que lle remitan os impresos que o responsable do tratamento dispón. No caso de que non esté conforme co tratamento dos seus datos poderá dirixir as súas reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 – 28001 Madrid.

En SANTIAGO DE COMPOSTELA a _____ de _____ de 20 _____

ASDO.
Incluir número de *DNI*

ASDO.
Responsable do Tratamento

Anexo III: Tratamento de datos. Listaxe profesionais independentes

En base a presente clausula COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA solicita o seu consentimento a:

NOME
COLEXIADA/O _____ Nº _____

Para o tratamento dos seus datos persoais según o disposto no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679 informándolle que o tratamento de seus datos ten a sua base na sua condición de SOLICITANTE DE INSCRICION EN LISTAXES DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, fun informado/a de que a finalidade desta recollida de datos de carácter persoal e a “PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES NA PAXINA WEB DO COTSG”.

Os seus datos PODERAN SER PUBLICADOS E CONSULTADOS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO COTSG POR CALQUERA CIDADÁ/N, EMPRESA OU ENTIDADE e conservarse o tempo necesario para a REDACCION E PUBLICACION DA LISTAXE.

Autorizo a cesión dos meus datos para publicación na Páxina Web do COTSG

Poderá exercitar os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACION, SUPRESION E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido ao COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA RÚA DUBLÍN 6 BAIXO 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA acompañando fotocopia de DNI ou, no seu defecto, documento que acredite a súa debida identidade, ou ben solicitar coas mesmas señas que lle remitan os impresos que o responsable do tratamento dispón. No caso de que non esté conforme co tratamento dos seus datos poderá dirixir as súas reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6 - 28001 Madrid.

En SANTIAGO DE COMPOSTELA a _____ de _____ de 20 _____

ASDO.
Incluir número de *DNI*

ASDO.
Responsable do Tratamento

Anexo IV: Modelo de nomeamento de profesionais

Don/a, con DNI, Presidente/a do COLEXIO OFICIAL TRABALLO SOCIAL DE GALICIA (COTSG), con CIF Q-1569016-G, en relación á solicitude remitida por para que se designe a
traballadores/as sociais para formar parte
de,

INFORMA

- Que, en data....., remitiu ao COTSG unha solicitude para proceder ao nomeamento de.....traballadores/as sociais para formar parte de
- Que logo de ter consultado o arquivo de datos do que dispón a este efecto o COTSG e cumprindo co recollido nas bases que regulan as listaxes profesionais, as persoas seleccionadas para tal fin son:

..... Don/a
Traballador/a Social Colex. nº
Domicilio:
Mail:

..... Don/a
Traballadora Social Colex. nº
Domicilio:
Mail:

(...)

Para o caso dos Tribunais de oposicións: lembramos a necesidade de aboar segundo a lexislación vixente en cada momento as asistencias e demais conceptos retributivos nos termos establecidos no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Así o comunico aos efectos oportunos, en Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20____

Asdo.: Don/aPresidente/a do COTSG